



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los planes de AENA para Alvedro debido al cierre del aeropuerto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela y a los problemas de aparcamiento.**

El cierre del aeropuerto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela para las actuaciones de renovación integral del pavimento de la pista desde el próximo 23 de abril y durante 35 días, hasta finales de mayo, implicará la derivación de algunos de los vuelos a los aeropuertos de A Coruña y Vigo, obligando asimismo a una planificación y reorganización por parte de AENA de las infraestructuras y servicios aeroportuarios complementarios.

Así, hace unos días AENA presentaba el plan especial diseñado ante la inoperatividad del aeropuerto de Santiago y que, en lo que se refiere al aeropuerto de A Coruña, implica que pasará a gestionar 856 operaciones, es decir, un incremento del 70% respecto a su volumen de vuelos habitual. Se prevé así incrementar las operaciones en un aeropuerto cuya Torre de Control está privatizada y cuyos controladores y controladoras acaban de iniciar una huelga indefinida por las malas condiciones laborales, la falta de personal suficiente, los abusos de jornada y el incumplimiento de sus derechos de descanso y vacaciones, entre otras deficiencias. Una situación que se reproduce en el caso de la Torre de Control de Vigo, también gestionada de forma privada.

Además, en el aeropuerto de A Coruña deben sumarse los problemas que se están detectando para ofrecer un servicio de aparcamiento suficiente. AENA ha señalado que se ha habilitado el antiguo aparcamiento situado junto a la rotonda de la N-550, al oeste del edificio de la terminal, para contar con 700 plazas adicionales. Pero para acceder al edificio principal será necesario utilizar un acceso peatonal, aunque también se habilitará un autobús lanzadera gratuito cada 10-15 minutos, destacando también que las tarifas serán más económicas que las del aparcamiento de la terminal.

Sin embargo, la realidad está demostrando una situación bien distinta, tal y como denuncian usuarios y usuarias del aeropuerto, pues las tarifas han experimentado un incremento significativo de precios, llegando a duplicar a las de la terminal, al tiempo que sigue habiendo problemas por la falta de plazas, cuando aún no se ha producido el cierre total del



aeropuerto de Santiago que comienza mañana. Así pues, resulta imprescindible que AENA revise cuanto antes la situación para asegurar plazas suficientes de aparcamiento y precios no abusivos para garantizar un servicio digno a las personas pasajeras.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Puede AENA informar sobre el Plan diseñado para atender el tráfico aéreo derivado a los aeropuertos de A Coruña y Vigo, por el cierre del aeropuerto de Rosalía de Castro en Santiago de Compostela a partir del 23 de abril y durante 35 días?
2. ¿Se ha incrementado la dotación de personal, medios y servicios en el aeropuerto de Alvedro dado que va a aumentar sus operaciones en un 70%? ¿Se ha realizado alguna previsión para incrementar la dotación y los medios en el aeropuerto de Vigo?
3. ¿Qué medidas ha adoptado AENA en los aeropuertos cuya Torre de Control está privatizada, con personal de controladores que ha iniciado una huelga indefinida debido a las numerosas deficiencias de personal, incumplimiento de sus derechos y descansos, abusos horarios, entre otros?
4. ¿Ha gestionado AENA con la empresa concesionaria un incremento de la dotación del personal de controladores? ¿De no ser así, por qué?
5. ¿Dado que se ha habilitado el antiguo aparcamiento situado en la rotonda de la N-550 de forma provisional, cómo regulará AENA las tarifas para asegurar que no se produzcan abusos en los precios tal y como ya están denunciando los usuarios y las usuarias del aeropuerto?
6. ¿Asegurará AENA que, tal y como ha anunciado, las tarifas serán más económicas que las del aparcamiento de la terminal? ¿Es consciente de que los usuarios y usuarias están experimentando un aumento abusivo de los precios de este aparcamiento provisional, que incluso duplica las tarifas del aparcamiento de la terminal?
7. ¿Qué medidas contempla ante la falta de plazas de aparcamiento, incluso con la habilitación del antiguo estacionamiento como medida extraordinaria?

En Madrid, a 22 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

22 ABR. 2026 13:44:58

Entrada **111895**

Sobre o reforzamento do persoal e medios nos aeroportos galegos ante o fechamento de Lavacolla

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos plans de AENA para Alvedro debido ao fechamento do aeroporto de Rosalía de Castro en Santiago de Compostela e aos problemas de aparcamento.**

O fechamento do aeroporto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela para as actuacións de renovación integral do pavimento da pista dese o vindeiro 23 de abril e durante 35 días, até finais de maio, implicará a derivación dalgúns dos voos aeroportos da Coruña e Vigo, obrigando así mesmo a unha planificación e reorganización por parte de AENA das infraestruturas e servizos aeroportuarios complementarios.

Así, hai uns días AENA presentaba o plan especial deseñado ante a inoperatividade do aeroporto de Santiago e que, no referido ao aeroporto da Coruña, implica que pasará a xestionar 856 operacións, isto é, un incremento de 70% respecto ao seu volume de voos habitual. Prevé así incrementar as operacións nun aeroporto cuxa Torre de Control está privatizada e cuxos controladores e controladoras veñen de iniciar unha folga indefinida polas malas condicións laborais, a falta de persoal suficiente, os abusos de xornadas e os incumprimentos dos seus dereitos de descansos e vacacións, entre outras deficiencias. Unha situación que se reproduce no caso da Torre de Control de Vigo tamén xestionada de forma privada.

Ademais, no aeroporto da Coruña deben sumarse os problemas que se están a detectar para dar un servizo de aparcamento suficiente. AENA sinalou que se



habilitou o antigo aparcamento sito xunto á rotonda da N-550, ao oeste do edificio da terminal para contar con 700 prazas de adicionais. Mais para acceder ao edificio principal será preciso utilizar unha senda peonil, aínda que tamén se habilitará un autobús lanzadeira gratuíto cada 10 - 15 minutos, destacando tamén que as tarifas serán máis económicas que as do aparcamento da terminal.

Porén, a realidade está a demostrar unha situación ben distinta tal e como denuncian usuarios e usuarias do aeroporto, pois as tarifas experimentaron un incremento significativo de prezos, chegando a duplicar aos da terminal, ao tempo que segue habendo problemas pola falta de prazas, cando aínda non se produciu o fechamento total do aeroporto de Santiago que comeza mañá. Así pois, resulta imprescindible que AENA revise canto antes a situación para asegurar prazas suficientes de estacionamento e prezos non abusivos para garantir un servizo digno ás persoas pasaxeiros.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Pode AENA informar sobre o Plan deseñado para atender o tráfico aéreo derivado aos aeroportos da Coruña e Vigo, polo fechamento do aeroporto de Rosalía de Castro en Santiago de Compostela a partir do 23 de abril e por 35 días?
2. Incrementouse a dotación de persoal, medios e servizos no aeroporto de Alvedro dado que vai aumentar as súas operacións nun 70%? Realizouse algunha previsión para incrementar a dotación e medios no aeroporto de Vigo?
3. Que medidas adoptou AENA nos aeroportos cuxa Torre de Control está privatizada, cun persoal de controladores que iniciaron unha folga indefinida debido ás numerosas deficiencias de persoal, incumprimentos dos seus dereitos e descansos, abusos horarios, entre outros?



4. Xestionou AENA coa empresa concesionaria un incremento da dotación do persoal de controladores? De non ser así, por que?
5. Dado que se habilitou o antigo aparcamento situado na rotonda da N-550 de forma provisional, como regulará AENA as tarifas para asegurar que non se produzan abusos nos prezos tal e como están xa a denunciar os usuarios e usuarias do aeroporto?
6. Asegurara AENA que, tal e como anunciou, as tarifas serán máis económicas que as do aparcamento da terminal? É consciente de que usuarios e usuarias están a experimentar un aumento abusivo dos prezos deste aparcadoiro provisional que incluso duplica as tarifas do da terminal?
7. Que medidas contempla ante a falta de prazas de aparcamento mesmo coa habilitación do vello estacionamento como medida extraordinaria?

Madrid, a 22 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso